

# LETRAS

nos cordóns



Cristina Falcón Maldonado

Marina Marcolin

kalandraka

Flor é a máis vella de nós os sete.

Ten sete anos.

Por iso, e porque é moi valente, podemos ir con ela á escola.

Non lle ten medo á escuridade nin aos espíritos,  
que din que aparecen ás seis da mañá.

Creo que tamén quere ir á clase porque lle gusta  
pór os zapatos e a roupa de ir á escola.









Flor é a que se levanta primeiro,  
para que a avoa lle desenrede o pelo e lle faga as trenzas.  
Dulce e mais eu aproveitamos sempre ese tempo  
para estarricarnos na cama, que queda toda para nós.  
Os que imos á escola durmimos xuntos,  
para non espertar os pequenos e que non empecen  
máis cedo da conta a darlle guerra á avoa.



MAREMAR  
WAVEWAVE

ISBN 978-84-8464-787-4



9 788484 647874